

## QUE SABEMOS DAS ABAU?

Estes días seguro que liches novas na prensa sobre o tema das ABAU, o que di o Ministerio de Educación, o que di a Consellería, entrevistas con responsables das probas.... Imos dedicar a entrada de hoxe a este tema.

Aínda que é algo repetitivo temos que lembrar que é a CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia) a responsable de fixar datas, tipo de exames, normas de corrección e demais da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU). **Hai uns días a CIUG acordou que a convocatoria ordinaria da ABAU en Galicia sería o 7, 8 e 9 de xullo e a extraordinaria en setembro.** E por agora nada máis oficial sabemos. Nuns días seguro que teremos xa toda a información.

É necesario, seguir traballando nos contidos de 2º de bacharelato e lembrar que a idea central que xa manifestara a Consellería de Educación e a CIUG é que o modelo de exame vai ser similar ao de anos anteriores, cos mesmos tempos de realización, e cunha maior **opcionalidade**, esta é a palabra clave. O obxectivo que repiten todas as administracións é garantir que o alumnado poida acadar a máxima puntuación sen que Ilo impida o feito de non ter dado algúns dos contidos previstos debido á interrupción das aulas por mor do coronavirus. É dicir, calquera poderá obter un 10 sen necesidade de contestar a todas as preguntas. Así o explicaba, hai uns días, o Ministerio de Educación falando dos exames das ABAU: *“El citado número de preguntas se habrá fijado de forma que permita a todos los alumnos alcanzar la máxima puntuación en la prueba, con independencia de las circunstancias en las que éste pudiera haber tenido acceso a la enseñanza y el aprendizaje durante la suspensión de la actividad lectiva presencial.”*

Coidádevos moito, facede algo de exercicio, comedete de xeito san, dedicade un tempo a cousas do voso interese, estudade todos os días, estade en contacto co profesorado, estade en contacto entre vós, preguntádenos as dúbidas que teñades ([mxosebravo@edu.xunta.gal](mailto:mxosebravo@edu.xunta.gal)) e, por favor, manter a cabeza fría para estar tranquilas e concentradas.

Nuns días seguro que a CIUG, xa nos dá toda a información. Este é o enlace para que entredes, de vez en cando, na web da [Comisión Interuniversitaria de Galicia](#)